



XV CONGRESO INTERNACIONAL GALLEGO-PORTUGUÉS DE PSICOPEDAGOGÍA

4, 5 y 6 de septiembre de 2019, A Coruña, España
Asociación Científica Internacional de Psicopedagogía (ACIP)
Universidade da Coruña, Universidade do Minho

A MÚSICA E A EDUCACIÓN EMOCIONAL DESDE UNHA PERSPECTIVA INTERDISCIPLINAR: ANÁLISE DUNHA PROPOSTA DIDÁCTICA

Music as a resource for the teaching-learning of emotional education

Silvia Morgade Camiña*

Isabel Romero Tabeayo. ORCID: 0000-0002-4695-0138**

Francisco César Rosa Napal. ORCID: 0000-0003-2916-8707***

*Universidade de Santiago de Compostela, **Universidade de Santiago de Compostela,

***Universidade da Coruña

Nota de los autores

Isabel Romero Tabeayo.

C/ Lázaro Cárdenas 13, 4º A. CP 15009, A

Coruña isabel.romero.tabeayo@usc.es

Resumen

A música confórmase como un vehículo óptimo para a transmisión de emocións. Entre os propios códigos dos seus elementos constitutivos (ritmo, harmonía, melodía e forma), pódense identificar códigos lingüísticos establecidos que garanten a canalización das diferentes emocións. Isto permite empregar a música como un eficaz recurso didáctico para traballar a educación emocional nos diferentes niveis educativos. A través da presentación deste traballo, informarase sobre unha experiencia didáctica levada a cabo nun centro de Educación Primaria, realizando unha proposta encamiñada a traballar as diferentes emocións a partir da música ao longo de tres sesión focalizando na expresión oral das emocións, o movemento e a expresión corporal durante a audición activa e a interpretación musical vocal e instrumentalmente; empregando o traballo en cooperativo así como en gran grupo, realizando tamén as valoración oportunas tras a posta en práctica.

Palabras clave: emocións, música, educación primaria, aprendizaxe, comunicación.

Abstract

Music conforms like an optimum vehicle for the transmission of emotions. Between the own codes of his constitutive elements (rhythm, harmony, melody and form), we can identify linguistic codes established that guarantee the canalisation of the different emotions. This fact allows to employ the music like an effective didactic resource to work the emotional education in the different educational levels. Through the presentation of this work, it will be informed about a didactic experience carried out in a school of Primary Education, doing a proposal direct to the different emotions from the music during three sessions, focus in the oral expression of the emotions, the movement and the corporal expression during the active audition and the vocal and instrumental musical interpretation; using the cooperative work as well as in big group, creating also convenient assessments after the implementation.

Keywords: emotions, music, primary education, learning, communication.

A MÚSICA COMO RECURSO PARA A EDUCACIÓN EMOCIONAL

Introdución

A música forma parte da vida das persoas dende antes do nacemento, e acompaña a cada individuo diariamente dende o máis cotiá e banal (como anuncios de televisión) ata os momentos máis importantes da vida persoal (como eventos relevantes ou momentos especiais). Porén, non é casualidade que nos significados que se lle atribuíron á música ao longo dos séculos se aluda a que esta resulte dunha percepción agradable dos sons e que, ademais produza un estado pracenteiro (Berrocal, 2010). A identificación e a xestión das emocións resulta indiscutible para alcanzar un pleno desenvolvemento individual, polo que é necesario equiparar en relevancia a saúde física e a mental. Por isto, é relevante realizar accións desta índole, aportando ademais unha proposta de que permitan traballar as emocións a través da música.

Fundamentación teórica

O fenómeno sonoro-musical, de carácter multidimensional, constituíuse no desenvolvemento do ser humano como unha necesidade vinculada non só á un instrumento de comunicación, que progresivamente pasa a compor unha linguaxe paralela á linguaxe verbal, apta para transmitir sensacións e sentimentos, senón como un elemento inherente da propia natureza, sendo na actualidade apreciada dende a súa dimensión de actividade-proceso humano cotiá e universal (Benenzon, Hemsy de Gainza, e Wagner, 1997). Seguindo a estes mesmos autores, “o contacto cos sons do mundo externo, particularmente a música, orixina na persoa humana, dende a etapa prenatal, unha serie de procesos de absorción, asimilación e expresión sonora de gran complexidade” (p.97). No ámbito formativo da música, a pedagogía musical tivo un gran desenvolvemento no século XX, de aí que se articulara unha área propia de estudo diferente da musicoloxía e creáronse metodoloxías de ensinanza aprendizaxe da música, incorporando aportacións de diferentes disciplinas como a psicoloxía cognitiva, a psicoloxía social, a filosofía, a antropoloxía e a etnomusicoloxía, entre outras moitas (Ibarretxe, 2006). Tal e como declara Lines (2009), a educación musical nos últimos anos configurouse como un dos principais focos de interese formativo: “a música aporta á educación unha experiencia cualitativa particular que combina a expresión do son de orixe humano coa relevancia social e comunicativa” (p.15).

Diversos estudos sobre aspectos históricos, sociais e culturais da educación musical interesan, de maneira especial, aos investigadores actuais e destácase o incremento dos traballos asociados ao crecente interese polo multiculturalismo (Ibarretxe, 2006). A música é, segundo a Real Academia Galega, a “arte de combinar os sons harmonicamente seguindo unhas

determinadas regras”; e segundo a mesma, unha emoción é un “estado de ánimo pasaxeiro causado pola sorpresa, o medo, a alegría etc., caracterizado por unha leve alteración física e psíquica”. Estas dúas palabras, segundo estas definicións, semellan non ter vínculos común que as conecten, mais é Tizón (2017, p. 187) quen afirma que “a música é un acto inevitablemente emocional”. Con esta frase iníciase esta investigación, que suscita un gran interese e curiosidade, xa que moitos investigadores dedicaron tempo de estudo á relación da música coas emocións, tendo en conta o gran mecanismo de produción e comunicación emocional, social e cultural que é a música (Tizón, 2017). No ámbito social da música, como menciona Hormigos (2008), o feito musical só se entende vencellado a un contexto social determinado e a unha interrelación de individuos, que lle confiren un valor e xeran un abano de emocións inseparables das vinculacións sociais que crean unha “equipaxe cultural” individual. A música achega aportacións sobre a sociedade na que se creou, por iso non se pode chegar a comprender unha determinada época musical se se separa do contexto social que lle deu vida; así mesmo, esta ten un gran poder simbólico, xa que une aos colectivos que se senten identificados con certos sons segundo afirma Hormigos (2008). A vinculación destes dous grandes ámbitos de estudo (a socioloxía e a música), débese a que, tal e como explica Hormigos (2008) a música representa un fenómeno social porque é humana e porque supón unha comunicación entre compositor, intérprete e oínte — comunicación na que máis adiante se vai afondar— e polo tanto, pódese afirmar que existe unha forte relación entre a sociedade na que se crea a música e as características da mesma: “a arte é un produto creado que reflexa o estado da sociedade e, por conseguinte, as ideas morais que están en vigor nela” (Hormigos, 2008, p.43).

Pero, que relación existe entre o signo musical e a significación? É dicir, de que maneira os códigos musicais pasan a ser portadoras de significado? Romero Fillat (2011, p.29) explica que a “memoria sonora xera durante a vida unha infinidade de relacións coa nosa psique establecidas a base de pegadas emocionais que ao longo da nosa existencia van creando un almacén de sons”, almacén formado por experiencias propias e códigos culturais herdados. Seguindo a este mesmo autor, determinar os criterios que axudan a diferenciar os diversos tipos de signos e significacións é tarefa da semioloxía, ciencia que ten como interese principal achar as regras e regularidades xerais e describilas como funcións xenéricas nun determinado contexto cultural, feito que significa que esas funcións xenéricas son modificadas polos contextos nos que aparecen; polo que se deberá ter en conta o uso de material musical occidental tonal para súa

A MÚSICA COMO RECURSO PARA A EDUCACIÓN EMOCIONAL

relación coas emocións percibidas na proposta didáctica. A comunicación é vital e necesaria nunha sociedade e segundo Hormigos (2008), a música é unha linguaxe simbólica e universal que se utiliza como instrumento de comunicación, persegue describir a realidade e ser capaz de captala e transmitila a un nivel moito máis profundo do que o fai a expresión lingüística. Porén, mencionando de novo a este autor, Hormigos (2008) explica que a linguaxe musical resulta ser incompleta, posto que comunica algo que pode ser modificado con cada nova audición dependendo dos cambios sociais, podendo ser esta unha explicación ao porqué a sociedade cre entender a música pero non é quen de outorgarlle un significado concreto a unha melodía, por iso, “cando se emprega o termo linguaxe musical, alúdese tanto ao compoñente técnico como ás normas e regras culturais que nos permiten comprender a función e finalidade dunha música concreta” (Hormigos, 2008, p.148)

Centrando xa a análise da música como elemento de comunicación nas mensaxes que pretende transmitir, deberase ter en conta que “as interaccións producidas entre os sons e os individuos son resultado de respostas aprendidas, pautas persoais e patróns culturais, de aí que unha mesma canción poida ser interpretada de distinta forma dependendo das características culturais de quen a percibe” (Hormigos, 2008, p.144). Ademais, isto crea unha realidade retroalimentada, xa que o contexto sociocultural contribúe á construción da música e á súa vez, a música forma parte de dito contexto, é dicir, unha non existiría sen a outra (Middleton, 1990, p.210) citado por Hormigos (2008). Diversos autores como Muñoz e Arús (2017) ou Bisquerra (2017), afirman que a música é un gran activador das emocións, xa que as fomenta, as produce e as crea: mediante a música desenvolvemos diferentes emocións como a alegría, a tristeza, o medo, a rabia, a calma, etc. A idea de estudar a música dende os propios compoñentes que forman o feito sonoro resulta moi complexa debido á complexidade da música en si mesma.

Tizón (2017) declara que a medición das emocións nos suxeitos é un proceso moi complexo, polo que se aprobou a Declaración de Helsinki en 1964, metodoloxía que emprega diferentes parámetros para medir os cambios que producen as emocións a nivel fisiolóxico, como poden ser os latidos do corazón, as respostas da pel e a velocidade das mesmas, a respiración e os movementos faciais. Seguindo esta liña, Abeles (1980) citado por (Hargreaves, 1998, p. 124) suxire que “os dous métodos principais para avaliar as respostas anímicas/emocionais da música son os informes verbais e as medicións fisiolóxicas”. Para isto deberase ter en conta o estilo no que se encadra a música elixida, xa que como define Tizón (2015, p.88) o “estilo é unha

ferramenta de comunicación que da forma e condiciona a mensaxe” e dentro das posibles agrupacións estilísticas na música, neste caso escolleranse segundo Meyer (1997), citado por Tizón (2015, p.89), as “obras escritas nun contexto cultural amplo, como por exemplo a música occidental”. A continuación amósase un gráfico de elaboración propia que trata os diferentes puntos de estudo con respecto aos elementos constitutivos da música e a súa influencia nas emocións

Influencia interna da música nas emocións					
Percepción		Elementos constitutivos da música			
Psicolóxica	Fisiolóxica	Ritmo	Melodía	Harmonía	Forma

O ritmo produce unha estimulación física que afecta á persoa, as características que se teñen en conta respecto das emocións son a regularidade e irregularidade rítmica: a primeira relacionase con emocións positivas, e a irregularidade, con negativas (Tizón, 2017). A melodía afecta directamente á dimensión emocional das persoas. Segundo Berrocal (2017, p. 121) “unha marcada variación melódica relaciónase coa alegría, mentres que se a variación melódica é mínima, vincúlase coa tristeza”. A harmonía, afirma Tizón (2015) é un fenómeno cultural que depende do propio contexto e está suxeita a tres elementos: a tonalidade, o movemento harmónico e a cadencia. Autores como Berrocal (2017) declaran que a harmonía incide directamente na dimensión cognitiva-mental e espiritual e xa en 1722, Rameau citado por Tizón (2017) advertía que a harmonía é un poderoso modulador emocional. A forma defínese na música por Tizón (2017) como complexa ou simple, entendendo como complexo todo aquilo que conteña demasiada información, falta de organización, ambigüidade, inestabilidade ou ausencia dun obxectivo claro segundo Rowell (2005) citado por Tizón (2017).

A música e a educación emocional no contexto escolar

A LOMCE afirma nun dos seus artigos que “as Administracións educativas disporán dos medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional”, polo que dende a lei que regula a educación en España, equiparase o desenvolvemento emocional ao intelectual, persoal e social; pero realmente na práctica isto é así?

A MÚSICA COMO RECURSO PARA A EDUCACIÓN EMOCIONAL

Focalizando xa no decreto que regula a educación en Galicia, o longo das diferentes materias do currículo, especialmente na área de valores sociais e cívicos, faise especial mención á verbalización e expresión das emocións persoais e alleas, así como a identificación e a comprensión das mesmas. Así e todo, esta é a teoría, xa que na práctica “avanzouse moito, pero aínda queda un longo percorrido para que a educación emocional sexa unha realidade xeneralizada nos centros educativos” (Bisquerra, 2017, p.46). Non obstante, en ningún momento se fai unha vinculación das emocións coa música, a pesar da importancia que se lle concede tal e como se mencionou en apartados anteriores.

Para continuar, no apartado de Educación Musical, so se fai un pequeno achegamento ás emocións nun estándar de aprendizaxe que se repite ao longo dos cursos: “EMB3.2.3. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións”. Este estándar de aprendizaxe é unha concreción dun criterio de avaliación, é dicir, un dos mínimos que o alumnado debe acadar para superar a materia. Polo tanto, non se formula como un contido obrigatorio a tratar na aula, ademais de que en ningún momento se vinculan as emocións coa música. En conclusión, despois de facer unha minuciosa revisión dos cimentos que rexen a educación primaria en Galicia, pódese afirmar que non existe unha vinculación real da música como recurso para ensinanza-aprendizaxe da educación emocional e que esta decisión queda en mans da sensibilización do equipo docente, poñendo en consideración a necesidade de incluír no currículo un apartado onde se vinculen estes dous ámbitos tan relevantes para unha formación integral do alumnado.

Seguindo esta liña, Bisquerra (2005) menciona a necesidade da creación dunha materia de Educación Emocional para a formación do profesorado en educación infantil, primaria e secundaria, xa que na actualidade, “a educación emocional non está presente na formación inicial do profesorado de forma sistemática e obrigatoria” (Bisquerra, 2017, p.46). Polo tanto, é necesario que os futuros docentes adquiran unhas competencias emocionais básicas que favorecerán o “desenvolvemento profesional do mestre e por extensión para potenciar o desenvolvemento no alumnado” (Bisquerra, 2005, p.100). Tamén é de gran relevancia, ademais da formación inicial, a formación continua dos docentes en materia de educación emocional, posto que “os profesores que deixan marca son os que coa súa actuación docente repercuten no desenvolvemento emocional dos seus estudantes” (Bisquerra, 2017, p. 29).

Debido á clara importancia deste tema para un desenvolvemento integral persoal e social, é lícito e necesario que se leven ás aulas de Educación Primaria proxectos nos que se traballe a música como recurso para o ensino-aprendizaxe da educación emocional, posto que é un recurso propicio para traballar este tema.

Proposta didáctica

No desenvolvemento desta proposta didáctica atenderase a actividades de dous caracteres diferentes, as actividades de carácter temporal, e as actividades de carácter rutineiras. As actividades temporais a desenvolver estarán deseñadas para realizar en 50 minutos aproximadamente. 1ª sesión: “Identificación e vivencia das emocións a través de recursos audiovisuais”. Esta sesión comezará coa visualización de diversas escenas de películas e cadros elixidas estratexicamente que tentan transmitir diferentes emocións. Iranse visualizando unha a unha, intercalando cadros e escenas de películas para amenizar a secuencia, e o alumnado, guiado polo mestre, deberá identificar que emoción se tenta transmitir e expresalo nunha ficha que se lle entregará ao alumnado ao inicio da sesión. Nela, atopamos un pequeno espazo para riscar coas diferentes emocións posibles (medo, tristeza, ira, alegría e sorpresa) e un apartado de observacións para anotar todo o que crean necesario. Unha vez deixado un tempo prudente para que todos risquen, procederase a tratar o cadro ou a escena dunha película en gran grupo, deixando espazo para que de forma individual comenten as súas experiencias, guiando a posta en común coas seguintes preguntas como exemplo: Algunha vez sentiches a emoción que quere transmitir este cadro/escena? Que pasou? Como reaccionaches? Que emoción vos gustaría sentir con máis frecuencia? E cal a que menos? Tamén se tratará, especialmente coas escenas de películas, como a música afecta ao sentido que o director lle quere dar a cada momento, contrastando cada escena coa música e sen ela. Nesta sesión inicial preténdese crear unha primeira toma de contacto coas emocións e a música, tentando que o alumnado se comunique e se exprese abertamente. 2ª sesión: “Expresión corporal a partir de audicións”. Nesta sesión preténdese ir máis aló da identificación e comunicación oral das emocións, tentando que o alumnado exprese as diferentes emocións empregando o seu propio corpo. Para isto, dividiranse en pequenos grupos empregando a metodoloxía xa mencionada. Cada grupo deberá escoitar activamente unha selección de audicións (dúas por grupo) durante uns segundos e a continuación

A MÚSICA COMO RECURSO PARA A EDUCACIÓN EMOCIONAL

comezar a moverse e desprazarse ao son da música, comprobando así a resposta fisiolóxica que cada unha das audicións crea no alumnado dependendo da emoción que se transmita. Os demais deberán anotar nunha ficha a emoción que perciben e tamén como se moven os seus compañeiros/as. Cada audición expresará unha emoción diferente, audicións que non contarán con letra para evitar asociar as emocións á mesma, conseguindo así que o alumnado sinta o que transmite cada audición. Despois de cada improvisación, comentarase as diferentes impresións en gran grupo, tanto do grupo que actuou como do alumnado espectador. A continuación, crearanse cinco grupos e repartiranse as cinco emocións (tristeza, medo, alegría, ira e sorpresa) a cada grupo sen que os demais saiban con que emoción vai traballar cada un. A cada emoción corresponderalle unha audición, polo que deberán crear unha pequena interpretación empregando a expresión corporal de forma conxunta, tentando expresar a emoción correspondente acorde coa sonoridade da audición.

Para finalizar, cada grupo deberá expoñer a interpretación creada ante os demais grupos, que deberán adiviñar de que emoción se trata. As audicións propostas para esta sesión son as seguintes, selección realizada tendo en conta os parámetros que inflúen emoción percibida explicados anteriormente. 3ª sesión: “Sonorización e interpretación”. Nesta última sesión avanzárase un pouco máis, e despois de tratar de forma oral e escrita as emocións, así como a expresión corporal das mesmas, realizarase unha actividade na que o alumnado, mediante a voz e os instrumentos Orff, sonorizaran un poema e unha escultura. Concretamente, o poema será un entre dúas estrofas do poema “Os sonhos na gaiola” de Manuel María, que poderán elixir e a escultura que se lle presentará será unha das gárgolas da catedral francesa de *Notre Dame*.

Ambas estrofas dos poemas reflectirán a través da súa letra a alegría, mentres que a gárgola, coa súa expresión, reflicte a tristeza. Primeiramente, dividirase ao alumnado en dous grandes grupos. A un grupo entregaráselles un pequeno fragmento dun poema e ao outro grupo unha imaxe dunha escultura. O grupo que traballe co poema, deberá sonorízalo creando entre todos unha melodía e un ritmo específico para o mesmo, que todos deberán aprender e cantar. Desta forma, tentarán expresar a emoción que o texto transmite acompañándoo dunha melodía cantada e un ritmo específico. O grupo que traballe coa imaxe da escultura, deberá crear unha melodía para tentar acompañar a emoción que a escultura transmite. Esta melodía será creada a partir dos instrumentos Orff dispoñibles. Para ambos grupos, nun primeiro momento o profesorado deixará traballar libremente aos grupos, e no caso de requirir axuda, guiaráselles con

diferentes premisa; por exemplo: para transmitir alegría, empregárase un rexistro máis agudo, rítmicas máis rápidas e figuración máis curta; pola contra, para o medo, pódese empregar un rexistro máis grave, con rítmicas máis lentas e figuración máis longa. Despois dun tempo prudente, cada grupo interpretará o creado aos demais compañeiros, para posteriormente comentar as diferentes impresións individual e colectivamente. Ao rematar, os grupos pasarán a facer a actividade contraria. Sesión rutineira Como actividade de continuación, en todas as sesión de Educación Musical se realizará como actividade final un exercicio de relaxación durante 10 minutos aproximadamente. Para isto, deberán deitarse no chan cos ollos pechados, e iniciárase a relaxación cunha música de fondo co volume baixo que invite a tranquilizarse (por exemplo empregando *Nuvole Bianche* de Ludovico Einaudi), mentres o docente os guía para unha relaxación completa, paseando por toda a aula lentamente e relatando unha secuencia de exercicios nos que deberán pouco a pouco ir contraendo e relaxando todos os músculos do seu corpo e finalizar cunha respiración completa. Isto servirá para ensinar a relaxarse ao final do día, proporcionándolle así ferramentas para o control das emocións, tal e como comenta Matthieu Ricard nunha enquisa de Punset (2012).

Conclusiones

O alumnado alcanzou sobradamente os obxectivos propostos na experiencia posto que identificaron e expresaron de forma clara e concisa as emocións que cada un dos elementos audiovisuais suscitaban; ademais, relacionaron esas emocións con experiencias propias que comentaron en alto, facendo mención a anécdotas pasadas. O alumnado, ante as diferentes audicións, comentaba os movementos dos compañeiros/as con expresións como “ao ritmo da música”, “rápido”, ou “lento” aínda que tamén expresaban que “móvense igual que o resto”, xa que tendían a repetir os patróns de expresión corporal empregados polos compañeiros/as anteriores, comprobando así a falta de experiencia e referencias previas na expresión corporal. Bisquerra (2010) explica isto afirmando que é lóxico que unha persoa que non recibe formación neste ámbito se sinta desorientada. Aínda así, podía observarse que o alumnado tentaba amosar co movemento do corpo a emoción que percibía. Polo tanto, os obxectivos propostos para esta actividade non foron conseguidos na súa totalidade. No desenvolvemento da propia actividade destacaron ambos grupos de forma moi notable, lograron unha coordinación excelente entre todos os participantes, entoando unha mesma melodía clara e sinxela que expresaba a emoción que acompañaba á letra do texto. Polo tanto, o obxectivo proposto para esta actividade foi

A MÚSICA COMO RECURSO PARA A EDUCACIÓN EMOCIONAL

amplamente conseguido. Pola contra, na parte instrumental, observáronse dificultades para establecer pautas, así como para tocar coordinadamente e cun sentido melódico. Ademais, as melodías non contaban cunha vinculación coa imaxe elixida para establecer unha sonoridade concreta relacionada cunha emoción. Polo tanto, neste caso o obxectivo non foi conseguido.

Tras a procura de bibliografía, variadas lecturas e contrastes de opinións de diferentes autores pódese afirmar que no campo intermedio entre a educación emocional e musical queda moito por recorrer, xa que a pesares dos evidentes avances e investigación existentes que nas últimas décadas se foron sucedendo, existe unha gran carencia de concienciación e formación na práctica que debe ser emendada para poder así sacar todo o proveito da mestura destes dous ámbitos, pois as experiencias sonoro-musicais non só contribúen á intelixencia musical, senón tamén as demais intelixencias, fomentando a estimulación da linguaxe, a atención, a concentración, a coordinación motora, o seguimento de instrucións, a creatividade... entre outras moitas.

Por outra banda, considero necesario concluír cunha valoración moi positiva da posta en práctica do deseño, deixando a un lado os aspectos formais, pois resultou ser unha experiencia moi enriquecedora e emocionante, posto que o alumnado amosouse participativo e colaborador, facendo as actividades lúdicas á par que educativas. Ademais, os mestres e mestras do colexio foron moi agradables e prestáronme axuda en todo momento, polo que me sentín moi agradecida.

Tamén, resaltar o feito de que non exista aínda unha materia na educación primaria adicada á educación emocional tendo en conta os elevados porcentaxes de persoas que padecen depresión ou ansiedade, niveis que poderían descender cunha adecuada xestión e identificación das emocións, provocando unha maior estabilidade emocional. Ademais disto, é necesario que se integre como formación obrigatoria para os futuros mestres e mestras.

Referencias

- Berrocal, J. A. (2017). *Música y neurociencia. La musicoterapia. Fundamentos, efectos y aplicaciones terapéuticas*. Barcelona: UOC.
- Bisquerra, R. (2003). Educación emocional y competencias básicas para la vida. *Revista de Investigación Educativa*, 21 (1), [7-43].
- Bisquerra, R. (2005). La educación emocional en la formación del profesorado. *Revista interuniversitaria de formación del profesorado*, 19(3), [95-114]
- Bisquerra, R. (2010). *Psicopedagogía de las emociones*. Madrid: Síntesis.

- Bisquerra Alzina, R., Jesús Agulló, M., Filella Guiu, G., García Navarro, E., e López Cassà, È. (2010). *La educación emocional en la práctica*. Barcelona: Horsori.
- Bisquerra, J.(2017). Eufonía. Didáctica de la música. *Música y educación musical*, (71), [43-48].
- Botella-Nicolás, A. M., e Peiró-Esteve, M. d. (2018). Estudio de la discriminación auditiva en educación infantil en Valencia. *magis, Revista Internacional de Investigación en Educación*, 10(21), [13-34]
- Hormigos, J. (2008). *Música y sociedad: análisis sociológico de la cultura musical de la posmodernidad*. Madrid: Sociedad General de Autores de España.
- Ibarretxe, G. (2006). El conocimiento científico en investigación musical. En M. Díaz, L.
- Lines, D. K. (2009). Introducción: La educación musical en la cultura contemporánea. En D. K. Lines, *La educación musical para el nuevo milenio*. Madrid: Morata.
- López de la Llave, A., e Pérez Llantada, M. C. (2006). *Psicología para Intérpretes Artísticos*. Madrid: Thomson .
- Pérez Testor, S., e Griño, A. (2017). Vivir las emociones a través de la danza creativa. *Eufonía. Didáctica de la música*(70), [30-33]
- Punset, A. [Atrévete a saber](12 de noviembre de 2012). Redes 130: Aprender a gestionar las emociones- emociones. Recuperado de: <https://www.youtube.com/watch?v=q-KkdMrAz-8>
- Romero Fillat, J. M. (2011). *M de Música. Del oído a la alquimia emocional*. Barcelona: Alba.
- Soria-Urios, G., Duque, P., e García-Moreno, J. M. (2011). Música y cerebro: fundamentos neurocientíficos. *Revista de neurología*(52), [45-55].
- Tizón, M. (2015). La influencia del estilo musical en la emoción percibida. Madrid.
- Tizón, M. (2017). Enculturación, música y emociones. ECIEM. *Revista Electrónica Complutense de Investigación y Educación Musical*, 14, [187-211].
- Tizón, M. (2017). *Música y emociones: parámetros que modulan la emoción percibida*. (Tesis Doctoral Universidad Internacional de La Rioja).